





SEC 2015-4	CONCELLO DE RAIRIZ DE VEIGA
DOCUMENTACIÓN EN EXPEDIENTES	



Rairiz de Veiga, 13 de Novembro de 2015



Xunto envío certificación do acordo Plenario do 6 de novembro, polo que se acorda adherirmonos ó convenio marco de cooperación Deputación Provincial de Ourense coas entidades locais en materia de transparencia e acceso á información pública.



Xosé Xaquín Rodríguez Ambrosio
Alcalde de Rairiz de Veiga



Rairiz de Veiga, 9 de Novembro de 2015

M^a DA CONCEPCIÓN MARTÍNEZ TABOADA, SECRETARIA-INTERVENTORA DO CONCELLO DE RAIRIZ DE VEIGA (OURENSE)

CERTIFICO: Que o Pleno deste concello, na sesión que tivo lugar o día que se indica, adoptou, entre outros, o acordo que a seguir se transcribe:

6 de Novembro de 2015
PLENO EXTRAORDINARIO

4. ADHESIÓN CONVENIO MARCO COOPERACION DEPUTACIÓN PROVINCIAL OURENSE
COAS ENTIDADES LOCAIS EN MATERIA DE TRANSPARENCIA E ACCESO A
INFORMACIÓN PÚBLICA

Sometida a votación a proposta do alcalde, o pleno corporativo, co voto a favor dos sete membros do grupo do PP e co voto en contra dos dous membros do grupo do PSdeG-PSOE, acordou:

PRIMEIRO.- Solicitar a adhesión do Concello de Rairiz de Veiga ó Convenio marco de cooperación entre a Deputación provincial de Ourense e as entidades locais da provincia en materia de transparencia e acceso á información pública.

SEGUNDO.- Transferirle á Deputación provincial de Ourense, en réxime de encomenda de xestión, o exercicio das actuacións materiais de publicación no Portal da transparencia de Ourense da información prevista nos artigos 6, 7 e 8 da Lei 9/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, nos termos previstos no devandito convenio.

TERCEIRO.- Designar como persoa responsable da execución do convenio a Manuela Pérez Pérez, auxiliar-administrativa do concello. Non obstante, facúltase expresamente ó alcalde para a súa substitución, así como para o nomeamento de suplentes, dando conta ó Pleno.

E para que conste e produza os efectos oportunos, coas reservas do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, asino a presente de orde e co visto e prace do alcalde, Xosé Xaquín Rodríguez Ambrosio, en Rairiz de Veiga na data enriba indicada.

Vº e prace

